



## **ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR DO CEIP DO HÍO NO RELACIONADO COA AVALIACIÓN**

A ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, na súa Disposición transitoria cuarta, recolle:

- 1. Os centros docentes disporán dun prazo de 2 meses para adaptar a súa concreción curricular para adecuala aos cambios normativos na avaliación, na promoción e na titulación.*
- 2. Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de promoción e, de ser o caso, os criterios de titulación que resultarán de aplicación no curso 2021-2022.*

A concreción curricular a nivel de centro é a adaptación á contextualización dos contidos, competencias e criterios que establece o currículo para guiar, en cada centro educativo, a planificación docente e asegurar coherencia e continuidade entre os diferentes cursos a nivel de contidos, metodoloxías, procedementos e valores. A concreción curricular consta dun apartado relacionado coa avaliación que este documento pretende actualizar, segundo a disposición legal anteriormente detallada.

A actualización da concreción curricular do CEIP do Hío, no correspondente á avaliación contempla:

- 1. Criterios xerais para a avaliación**
- 2. As etapas do proceso de avaliación**
- 3. Criterios xerais de promoción**
- 4. Informes relacionados coa avaliación**
- 5. Divulgación deste documento**

O proceso avaliativo no CEIP do Hío é, principalmente, un procedemento garantista que persegue a pronta detección das necesidades educativas especiais do alumnado e a implementación das medidas de atención á diversidade máis axeitadas. É un procedemento colexiado no que intervén todo o equipo docente apoiado polo departamento de orientación, liderado polo correspondente profesorado titor e supervisado pola xefatura de estudos. É un procedemento de comunicación coas familias polo que se lles transmite de xeito transparente a realidade psicoeducativa dos seus fillos e fillas. É un procedemento de autoavaliación da actividade docente, tanto a nivel titorial como a nivel do profesorado especialista e desde unha perspectiva global de centro, xa que permite a detección de campos de mellora, na procura de aportar ás familias un ensino de calidade en continua revisión e perfeccionamento.



## **1. Os criterios xerais para a avaliación.**

- 1.1. O profesorado avaliará as aprendizaxes do alumnado, os procesos de ensino e a propia práctica docente, establecendo indicadores de logro nas programacións docentes.
- 1.2. O alumnado ten dereito á obxectividade na avaliación e, as familias, a contar cun procedemento de reclamación das cualificacións obtidas.
- 1.3. A avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, atérase ao establecido na Orde do 8 de setembro de 2021, en ningún caso a condición de NEAE xustificará minorar automaticamente as cualificacións obtidas.
- 1.4. Empregaranse instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
- 1.5. A avaliación do alumnado será continua, formativa e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
- 1.6. Na avaliación valorarase o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa.
- 1.7. A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado; farase valorando o nivel acadado no conxunto das áreas coas que se relacionan.
- 1.8. Nas programacións didácticas o profesorado debe establecerse os criterios de cualificación de cada avaliación (obxectivos e cuantificables), e logo, os criterios de cualificación da avaliación final ordinaria. A avaliación final ordinaria coincidirá coa parcial do 3º trimestre.
- 1.9. Os referentes da avaliación, no caso do alumnado con adaptación curricular, serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
- 1.10. Cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- 1.11. O alumno con necesidades educativas (acreditadas suficientemente polo departamento de orientación) poderá acollerse á flexibilización establecida na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- 1.12. A ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece que os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente. O claustro do CEIP do Hío non considera adecuado este tipo de recoñecemento por entrar en contradición con valores que intenta promover o centro: igualdade, solidariedade, humildade, colaboración, superación persoal, esforzo, aceptación... Non se debe poñer énfase unicamente no acadado a nivel de coñecementos (facilidade para asimilar contidos) senón tamén noutros aspectos da personalidade do alumnado que axudan a un crecemento integral da persoa. No CEIP do Hío valórase por enriba de todo o esforzo do alumnado por mellorar competencialmente a partir do punto no que se atopa.



## **2. As etapas do proceso de avaliación**

- 2.1. Avaliación inicial do alumnado, desde as titorías e especialidades, a fin de reunir datos para elaborar a programación de aula, propoñer a continuidade/actualización das medidas de atención á diversidade, ou propoñer ao departamento de orientación a adopción de novas medidas.
- 2.2. Reunión conxunta de principio de curso do departamento de orientación. Ante todo o claustro de profesorado, as/os titoras/es presentan os casos de alumnado con n.e.e. que deberá ser atendido.
- 2.3. Reunión de preavaliación, do equipo docente, a mediados do 1º trimestre. Valórase a evolución do alumnado de xeito individual e propóñense cambios nas medidas de atención á diversidade.
- 2.4. Reunión de avaliación de remate do 1º trimestre.
- 2.5. Reunión, ao inicio do 2º trimestre, do departamento de orientación co profesorado titor, de carácter individual, para incorporar cambios nas medidas de atención á diversidade, partindo da información trasladada na reunión anterior.
- 2.6. Reunión de preavaliación, do equipo docente, a mediados do 2º trimestre. Valórase a evolución do alumnado de xeito individual e propóñense cambios nas medidas de atención á diversidade.
- 2.7. Reunión de avaliación de remate do 2º trimestre.
- 2.8. Reunión, ao inicio do 3º trimestre, do departamento de orientación co profesorado titor, de carácter individual, para incorporar cambios nas medidas de atención á diversidade, partindo da información trasladada na reunión anterior.
- 2.9. Reunión de preavaliación, do equipo docente, a mediados do 3º trimestre. Valórase a evolución do alumnado de xeito individual, propóñense cambios nas medidas de atención á diversidade, realízase a previsión de casos para o curso seguinte e preséntanse os que podan ser obxecto de repetición.
- 2.10. Reunión de avaliación de remate do 3º trimestre. Entre outras decisións está a de permanecer un ano máis no ciclo.

## **3. Os criterios xerais para a promoción.**

- 3.1. Ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º da etapa o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. O artigo 6 da Orde do 25 de xaneiro de 2022 outorga a competencia sobre a decisión da promoción dun alumno ou dunha alumna ao equipo docente do grupo. Polo tanto, a opinión da familia non é vinculante, mais debe ser oída. Así, o recolle o artigo 6 no seu punto 3.
- 3.2. A non promoción é unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.
- 3.3. A non promoción só poderá adoptarse unha vez durante a etapa.



3.4. Co alumnado que non promociona o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

3.5. A promoción en 1º, 3º e 5º é automática.

#### 4. Informes relacionados coa avaliación

4.1. Informe individualizado emitido pola persoa titora ao finalizar 2º e 4º de EP, onde se recolle o grao de adquisición das competencias, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se prevén no ciclo seguinte. Este informe entregarase á familia. Ver artigo 6.5 da Orde do 25 de xaneiro de 2022.

4.2. Informe individualizado elaborado pola persoa titora ao finalizar a etapa sobre a evolución e o grao de adquisición das competencias. Ademais, ese informe, no caso de alumnado NEE, incluírá as adaptacións e medidas adoptadas e a valoración sobre a necesidade de continuidade desas medidas na seguinte etapa. Este informe entregarase á familia. Ver artigo 6.6 da Orde do 25 de xaneiro de 2022.

4.3. No caso de alumnado repetidor, Plan Específico de Reforzo Individualizado elaborado polo equipo docente para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno alcance o grao mínimo de adquisición das competencias correspondentes. Para a elaboración deste plan seguirase o indicado no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021. Este plan será de uso interno do centro e enviarase, no caso de traslado durante o curso no que repita, ao novo centro no que se matricule o alumno ou a alumna. Ver artigo 6.3 e 6.4 da Orde do 25 de xaneiro de 2022.

4.4. Cada profesor, ao remate do curso, elaborará un "Informe de avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente". Os contidos que teñan a suficiente entidade debateranse e se incluírán, chegado o caso, na Memoria Final. Ver artigo 8 da ORDE do 9 de xuño de 2016.

#### 5. Divulgación deste documento

Este documento ten carácter aberto. Poñerase en coñecemento da comunidade educativa do CEIP do Hío a través da páxina web oficial do centro.

*Presentado a aprobado na reunión do claustro de profesorado do CEIP do Hío celebrada o día 5 de abril de 2022.*

*Para que conste aos efectos oportunos:*

María Eugenia del Río Riobó  
Secretaría do CEIP do Hío

No Hío, a 6 de abril de 2022

